NADAL DE LIBROS

Recomendacións para ler ou regalar
(de tres en tres)

Biblioteca

Mª Victoria Moreno

1º ciclo ESO

El club de las zapatillas rojas

Ana Punset
Montena, 2013

Lucía, Frida, Bea e Marta deciden selar un pacto de amizade e fundan o CLUB DAS ZAPATILLAS VERMELLAS.



O castañeiro de abril

Antonio Manuel Fraga
Xerais. 2013

Buto, o zapateiro, conta a historia do seu amigo Baltasar, un rapaz de once anos, cego de nacemento e orfo de nai, que vive coas súas tías, Olegaria e Berenguela. A aparición na praza do Castañeiro de Abril provocará un xiro na súa vida e unha chea de acontecementos que trastornan a vida da xente do seu barrio.

Diario de Greg 7

Jeff Kinney
RBA Molino, 2013

O amor está no aire... pero que significa iso para Greg Heffley? A festa de San Valentín pon o colexio de Greg patas arriba. Mesmo el lánzase a buscar plan!

1º ciclo ESO

Vento e chuvia

Manuel Gago. Manuel Cráneo
Xerais, 2013

Vento e Chuvia introduce ao lector no fascinante mundo da Idade do Ferro. Dez prodixiosos deuses que poboaron os mitos da antiga Gallaecia cobran vida nun universo con alicerces nos últimos descubrimentos da arqueoloxía e das ciencias do pasado pero sobre o que voa ceibe a imaxinación e a fantasía, enchendo con soños os ocos baleiros da ciencia.

Hetty

Hetty Verolme
Almuzara, 2013

1943, Amsterdam. Hetty Verolme só ten doce anos cando os nazis a deportan, xunto coa súa familia, ao campo de concentración de Bergen-Belsen, o mesmo onde faleceu Ana Frank. Pero Hetty non perde o ánimo...

Un ianqui na corte do rei Artur

Mark Twain
Kalandraka, 2013

Un texto divertido, mordaz e crítico cos lastres da superstición, da ignorancia e da explotación das persoas. Sobre as peripecias dun home do século XIX que se atopa de súpeto na Inglaterra da Alta Idade Media, nunha sociedade atrasada e des-

2º ciclo ESO

Todos somos

Marcos Calveiro
Xerais, 2013

Dende a desaparición de Natalia, os pais de Antón xa non lle deixaban baixar o lixo á noitiña. Parecía incríbel que a súa vida, a vida de todos eles, dese un xiro tan brusco e dramático en tan pouco tempo.

Terror en la red 1

Álvaro Colomer e Antonio Lozano
Edebé 2012

Unha rapaza de 12 anos, que vive coa súa tía, todos os días escríbelle mensaxes polo Facebook ao seu irmán maior, que estuda na universidade. Pero un día o rapaz non contesta e, ao seguinte, tampouco. Así que Nerea comeza a investigar...

Pánico no bosque dos corazóns murchos

Jack Mircala
Bululú ,2013

Nos arredores de Malvadia existe un inquietante bosque onde habitan as Criaturas Pánicas. Estrañas, horrendas pero inofensivas criaturas que endexamais dormen e, capitaneados polo violinista Fastido, asustan a todos os habitantes da aldea, menos a un, Bladis, unha moza e fermosa pianista que axudará a Fastidio e os

2º ciclo ESO

Juego de tronos 1
Canción de hueso y fuego

George R. R. Martin
Gigamesh, 2012

A novela transcorre nun mundo fantástico con reminiscencias da Europa da Idade Media na que a maxia e as criaturas míticas do pasado quedaron no esquecemento.

Ámote Leo A: Destino Xalundres

Rosa Aneiros
Xerais, 2013

Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. En cambio, todo se esborralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar soa.

Espejismo

Hugh Howey
Minotauro. 2013

No futuro, a Terra é un planeta devastado no que o aire se tornou tóxico. Rodeados por esta paisaxe desolada, algúns seres humanos sobreviven nun silo subterráneo. Alí, homes e mulleres viven nunha sociedade regulada por estritas leis que foron creadas para protexelos.



Bacharelato- Ciclos- Adultos

A memoria da choiva

Pedro Feijoo
Xerais, 2013

Cando Xosé Carneiro, coñecido psicanalista e polémico tertuliano televisivo, aparece asasinado no seu piso da compostelá rúa República do Salvador, son dúas as cousas que chaman a atención do periodista Aquiles Vega e da profesora Sofía Deneb. A primeira, a brutalidade, a violencia extrema do crime. A segunda, ese detalle que non encaixa na escena: unha estraña peza de ferro incrustada no cora-

La vida de las mujeres

Alice Munro
Debolsillo, 2012

No centro desta deliciosa novela atopamos a Del Jordan, unha rapariga que vive cos seus pais na vila de Jubilee e que nos narra o seu día a día, a súa relación coa familia, os veciños e os amigos. A través dos seus ollos observamos o mundo e compartimos o proveito que saca do que mira.

Legado nos ósos

Dolores Redondo
Xerais, 2013

Logo do rotundo éxito de «O gardián invisible», Dolores Redondo ofrécenos agora o segundo volume da súa triloxía ambientada no val do Baztán e protagonizada pola inspectora Amaia Salazar, da Policía Foral de Navarra.O xuízo contra o padrastro da moza Johana Márquez está a piques de comezar. A el asiste unha embarazada Amaia Salazar, que un ano atrás resolvera os crimes do chamado «basajaun».

Bacharelato- Ciclos- Adultos

Acordes naúfragos

Antón Riveiro Coello

Galaxia, 2013

Este libro recolle nove relatos escritos en diferentes épocas da vida do autor. Libro de retratos, fantásticos os máis deles, enfiados pola traxedia do naufraxio e tocados case sempre pola vea amorosa e sentimental dos seus protagonistas.



El héroe discreto

Mario Vargas Llosa

Alfaguara, 2013

O heroe discreto é unha novela na que dous homes postos a proba pola vida descobren o verdadeiro sentido da coraxe e a lealdade.

A lúa da colleita

Anxos Sumai

Galaxia, 2013

En agosto de 1992, unha decisión precipitada, case inconsciente, leva á protagonista de A lúa da colleita a pasar as vacacións nun apartamento nunha praia da ría de Arousa. Necesita descansar pero, ademais do descanso buscado, atoparase con sombras e con estrañas formas.

NADAL DE LIBROS

Recomendacións para ler ou regalar
(de tres en tres)

Biblioteca

Mª Victoria Moreno